

PALABRAS PARÓNIMAS

1. As palabras **conselleiro** e **concelleiro** son parónimas porque:

- a. se pronuncian igual.
- b. se pronuncian dunha forma moi semellante.
- c. se pronuncian de maneira diferente.

2. Fai clic na palabra que corresponda:



Fanáticos dos videoxogos

Os meus sobriños teñen moita (afección/aflicción) polos videoxogos. Non só senten (efecto/afecto) por eles senón que, ademais, teñen grandes (actitudes/aptitudes) para manexalos. Eu sempre lles pido (concello/consello) cando teño dúbidas sobre como usalos. Son uns (espertos/expertos)!

3. Son parónimas as palabras:

- a. máis e mais.
- b. cabo e cavo.
- c. lixo e liso.

4. Marca en cada caso a palabra que corresponde á imaxe.



- ☐ serea
- ☐ vereia



- ☐ fociños
- ☐ fouciños



- ☐ canelón
- ☐ canellón



- ☐ tromba
- ☐ trompa

5. Fai clic no parónimo axeitado:

- O campamento tiña (previsións / provisións) para un mes.
- Non era tan doado (acertar / acercar) a resposta ao enigma.
- Seu pai ensinoulle a (profesión / procesión) de carpinteiro.
- A túa amoestación tivo un (efecto / afecto) inmediato.
- O ourego é unha (especie / especia) moi aromática.